

Capítulo X: EDUCACIÓN ESPECIAL

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE e ORIENTACIÓN EDUCATIVA

I. LEXISLACIÓN BÁSICA

1. A ATENCIÓN A ALUMNOS CON N.E.E.

1.1. Disposicións marco

- Artigo 49 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978. (BOE, 29/12/78). Páx. 319 e CD-15AA

- Artigos 23 ó 31 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos. (BOE, 30/4/82). CD-10AA.

- Artigos 36 e 37 da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. (BOE, 04/10/90). Páx. 447.

- Disposición adicional 2ª da Lei Orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes. (BOE, 21/11/95). Páx. 471.

- Véxase “Lexislación Complementaria” neste Capítulo.

1.2. Regulamentos orgánicos e desenvolvemento

- Artigos 82, 83 e 84 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG, 21/10/96). Páx. 575.

- Cap. II.3 da Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG, 02/09/97). Páx. 578.

- Artigos 49, 50 e 51 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias. (DOG, 26/01/99). Páx. 624.

1.3. O decreto de educación especial

- Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais. (DOG, 06/08/96). Páx. 319.

2. ADAPTACIÓNS DO CURRÍCULUM

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG, 07/11/95). Páx. 324.

3. PROGRAMAS DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

3.1. Marco legal

- LOXSE: Artigo 23.1. Páx. 445.

- Artigo 17 do Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 02/04/93). Páx. 154.

- Artigo 11º da Orde do 19 de xuño de 1996 pola que se regula a implantación da educación secundaria obrigatoria (DOG, 11/07/96). *Modificada pola Orde do 31 de maio de 2001 (DOG, 27/06/01)*. Páx. 160.

3.2. Disposición específica

- Orde do 19 de maio de 1997 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria. (DOG, 06/06/97). Páx. 165.

4. OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4.1. Programas de garantía social

- Véxanse no Capítulo VIII de F. Profesional. Páx. 229, 580.

4.2. Agrupamentos específicos

- Instrucción 3ª da Circular nº 9/1999, do 1 de setembro, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se dictan instrucións para a atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria. Páx. 172.

4.3. Programas de ciclo adaptado

- Instrucción 4ª da Circular nº 9/1999, do 1 de setembro, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se dictan instrucións para a atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria. Páx. 172.

5. AVALIACIÓN

5.1. Disposicións xerais

- Orde do 6 de maio de 1993 pola que se regula a avaliación na educación primaria. (DOG, 20/05/93). Disposición adicional primeira. Páx. 140.

- Artigos 10 e 14 da Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG, 07/11/95). Páx. 324.

- Artigo 3 do Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con n. educativas especiais. (DOG, 06/08/96). Páx. 319.

- Artigo 5º da Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais, asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (DOG, 28/11/96). Páx. 332.

- Capítulo IV.10 da Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de ed. primaria. (DOG, 02/09/97). Páx. 578.

5.2. Disposición específica

- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización. (DOG, 19/12/96). Páx. 327.

6. ESCOLARIZACIÓN DE ALUMNOS CON N.E.E.

6.1. Disposicións xerais

- LOXSE: Artigo 3º.5. (BOE, 04/10/90). Páx. 443.

- Apartado 23 da Orde do 17 de agosto de 1992 polo que se regula a implantación da educación primaria. (DOG, 26/08/92). Páx. 137.

- Disposición adicional quinta do Decreto 87/1995, do 16 de marzo, polo que se regula a admisión de alumnos. (DOG, 28/03/95). Páx. 36.

- Disposición adicional 2ª da Lei Orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes. (BOE, 21/11/95). Páx. 471.

- Artigo 8.e) da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia. (DOG, 20/06/97). CD-01AG.

6.2. Disposicións específicas

- Capítulo IV da Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos con necesidades educativas especiais e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización. (DOG, 19/12/96). Páx. 327.

- Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais. (DOG, 06/08/96). Páx. 319.

- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con n. educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (DOG, 28/11/96). Páx. 332.

6.3. Flexibilización da idade de escolarización

6.3.1. Disposicións xerais

- Orde do 24 de abril de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar, con carácter excepcional, a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (BOE, 03/05/96). CD-15AH.

- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais, asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (DOG, 28/11/96). Páx. 332.

6.3.2. Educación infantil

- Punto 23 da Orde do 17 de agosto de 1992 pola que se regula a implantación da educación primaria. (DOG, 26/08/92). Páx. 135.

- Artigo 7º.3 do Decreto 320/1996, do 26 de xullo (DOG, 06/08/96). Páx. 319.

- Punto 3 das Instrucións da Subdirección Xeral de Inspección Educativa do 11 de maio de 1998 relativas a determinadas situacións académicas dos alumnos das distintas etapas educativas. Páx. 658.

6.3.3. Educación primaria

Artigo 14 do Decreto 245/1992, do 30 de xullo. (DOG, 14/08/92). Páx. 135.

- Artigo 4º do Decreto 320/1996, do 26 de xullo (DOG, 06/08/96). Páx. 319.

6.3.4. Educación secundaria obrigatoria

Artigo 15º.2 do Decreto 78/1993, do 25 de febreiro. (DOG, 02/04/93). Páx. 154.

- Instrucións da Subdirección Xeral de Inspección Educativa, do 17 de agosto de 1996, sobre a permanencia e promoción de alumnos na educación secundaria obrigatoria. Páx. 186.

- Anticipación do inicio da escolarización obrigatoria ou redución da duración dun ciclo educativo: Orde do 28 de outubro de 1996 (DOG, 28/11/96). Páx. 332.

6.4. Resolucións de adaptación de idade

- Resolución da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional do 15 de setembro de 2000 pola que se autoriza a adaptación de idade de escolarización a un alumno para que poida permanecer un ano máis na educación primaria. Páx. 335.

- Resolución da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional do 29 de agosto de 2001 pola que se autoriza a un alumno permanecer escolarizado un ano máis no primeiro ano do terceiro ciclo de educación primaria. Páx. 336.

6.5. Coidadores e as súas funcións

- Resolución do 18 de decembro de 1986 da Dirección Xeral de Traballo pola que se da publicidade ó Convenio colectivo para o persoal laboral de educación especial. (BOE, 16/01/87). Substituída pola Resolución do 23 de outubro de 1991. (BOE, 12/11/91). Páx. 719.

7. ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL

7.1. Titorías

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG, 21/10/96). Artigos 80º e 81º. Páx. 574.

- Capítulo VI.5 da Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG, 02/09/97). Páx. 578.

- Artigo 58 e seguintes do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de ed. secundaria. (DOG, 09/08/96). Páx. 604.

- Punto 63 e seguintes da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996. (DOG, 02/09/97). Páx. 612.

- Artigo 31 e seguintes do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias. (DOG, 26/01/99). Páx. 624.

- Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999. (DOG, 02/11/00). Punto 65 e seguintes. Páx. 647.

7.2. Departamentos de orientación

7.2.1. Disposicións marco

- Artigos 2º.3, 55º, 60º.2 e adicional 3ª.3.e) da LOXSE. (BOE, 04/10/90). Páx. 438.

- Artigo 53 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. (DOG, 09/08/96). Páx. 596.

7.2.2. Normativa específica

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 27/04/98). Corrección de erros, (DOG, 14/05/98). Páx. 336.

- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG, 31/07/98). Páx. 340.

- Circular Nº 9/1999, do 1 de setembro, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se dictan instrucións para a atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria. Páx. 172

7.2.3. Instrucións anuais organizativas

- Circular nº 5/1999, do 30 de xuño, pola que se dictan instrucións da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 1999/2000. CD-10AB.

- Circular nº 10/2000 pola que se dictan instrucións da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2000-2001. CD-10AC.

- Circular 13/2001 pola que se dictan instrucións da Dirección xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2001-2002. CD-10AD.

- Circular 18/2002 pola que se dictan instrucións da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2002-2003. CD-10AI.

7.2.4. Escritos e respostas a consultas

- Escrito da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional do 16 de marzo de 2000 sobre as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado do 1º ciclo de ESO que, provisionalmente, está escolarizado nun CEIP /CEP. Páx. 348.

- Escrito da Subdirección Xeral de Ordenación Educativa do 21 de marzo de 2000 polo que se da resposta a unha consulta formulada sobre os desprazamentos do xefe do departamento de orientación ós centros adscritos. Páx. 348.

- Escrito da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e F.P. do 18 de outubro de 2000 polo que se dan instrucións os directores de centros públicos sobre o funcionamento dos departamentos de orientación. Páx. 348.

- Escrito da Subdirección Xeral de Ordenación Educativa do 13 de febreiro de 2001 polo que se da resposta a unha pregunta relativa á competencia das funcións de orientación nun centro por baixa laboral da orientadora. Páx. 349.

7.3. Apoios externos

a) Equipos de orientación específicos

- Artigos 2º, 8º e seguintes do Decreto 120/1998, do 23 de abril. (DOG, 27/04/98). Páx. 336.

- Artigo 17 e seguintes da Orde do 24 de xullo de 1998. (DOG, 31/07/98). Páx. 340.

- Escrito da Inspección educativa de A Coruña do 22 de xaneiro de 2001 sobre o funcionamento do Equipo de Orientación Específico. CD-10AE.

- Escrito da Inspección educativa de A Coruña do 9 de novembro de 2001 sobre o funcionamento do Equipo de Orientación Específico. CD-10AF.

b) Centros de recursos educativos especiais

- Decreto 146/1989, do 22 de xuño, polo que se crea o Centro Galego de Recursos para a Educación Especial na C. Autónoma de Galicia. (DOG, 01/08/89). CD-10AG.

- Artigo 15.2 do Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con n. educativas especiais. (DOG, 06/08/96). Páx. 319.

7.4. Adscrición e concursos de traslados

- Véxase o Capítulo de POSTOS DE TRABALLO que se inclúe na presente obra. Páx. 723.

8. CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL

8.1. Disposicións xerais

- Artigo 7º do anexo único do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG, 21/10/96). Páx. 565.

8.2. Órganos de goberno

- Orde do 29 de outubro de 1996 pola que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario de características singulares, de educación especial e educación de adultos. (DOG, 04/11/96). *Corrección de erros*, (DOG, 15/11/96). Páx. 696.

8.3. Centros de minusválidos

- Orde do 27 de febreiro de 1996, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se regula o procedemento de ingresos e traslados nos centros propios, concertados e con reserva de prazas de atención a persoas con minusvalidez. (DOG, 20/03/96).

9. REAL PADROADO SOBRE DISCAPACIDADE

- Real Decreto 946/2001, do 3 de agosto, polo que se aproba o Estatuto do Real Padroado sobre Discapacidade. (BOE, 06/09/01). CD-10AH.

II. LEXISLACIÓN COMPLEMENTARIA

1. DISPOSICIÓN XERAIS

- Orde do 2 de febreiro de 1987, de aplicación das prestacións sociais e económicas da Lei 13/1982, de 7 de abril, de integración social dos minusválidos. (DOG, 24/02/87).

- Lei 8/1987, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 29/08/97).

- Decreto 447/1990, do 20 de setembro, polo que se crea a Comisión Interdepartamental de Prevención e Integración dos Minusválidos. (DOG, 02/10/90).

- Decreto 286/1992, do 8 de outubro, de accesibilidade e eliminación de barreiras. (DOG, 21/10/92)

- Real Decreto 2021/1997, do 26 de decembro, polo que se establece a organización e funcións do Real Padroado de Prevención e de Atención a Persoas con Minusvalías. (BOE, 27/12/97).

- Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 10/03/98).

- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 29/02/00).

2. DISPOSICIÓN DERROGADAS OU SEN EFECTO

- Orde do 9 de agosto de 1985 sobre planificación da Educación Especial e experimentación da integración na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 03/09/85).

.- Circular 15/88 da Dirección Xeral de Educación Básica, do 25 de outubro, sobre escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais nas diferentes modalidades educativas.

- Decreto 101/1988, do 5 de maio, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario de características singulares. (DOG, 18/05/88). *Derogado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.* (DOG, 09/08/96).

3. CONVENIOS

- Resolución do 25 de novembro de 1998 da Delegación Provincial de A Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do convenio colectivo da Asociación Protectora de Nenos Anormais de Galicia (Aspronaga). (DOG, 29/01/99).

4. PLAN DE INTEGRACIÓN EDUCATIVA

- Véxase no CD que se xunta á presente obra. Referencia, CD-10AJ.

III. TEXTOS LEGAIS

A Educación Especial na Constitución

Constitución española de 27 de diciembre de 1978. (BOE, 29/12/78)

...

Artículo 49.- Los poderes públicos realizarán una política de previsión, tratamiento, rehabilitación e integración de los disminuidos físicos, sensoriales y psíquicos, a los que prestarán la atención especializada que requieran y los ampararán especialmente para el disfrute de los derechos que este Título otorga a todos los ciudadanos.

...

Nota: Véxase o texto completo no CD que se xunta á presente obra. Referencia: CD-15AA.

Decreto de Educación Especial

Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais. (DOG, 06/08/96).

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE), no seu título preliminar, artigo 3, apartado 5, establece a adecuación das ensinanzas de réxime xeral as características dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais. Con isto contribúese a realización da política de integración establecida no artigo 49 da Constitución española de 1978, e dáselles unha nova dimensión ós principios establecidos pola Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e recollidos no Real decreto 334/1985, do 6 de marzo, de ordenación da educación especial, ó atender as necesidades educativas dos alumnos e das alumnas no marco dunha enseñanza comprensiva e aberta a diversidade.

Partindo deste principio de comprensividade, esta atención diversificada ós intereses, capacidades e motivacións do alumnado pode ser efectuada para a maioría dos alumnos no ámbito habitual das actuacións pedagóxicas curriculares e organizativas que configuran o proceder dos equipos educativos nos centros escolares. Sen embargo, en ocasións, as necesidades educativas dalgúns alumnos requiren para ser satisfeitas dun conxunto de actuacións e recursos que difiren dos habituais. Isto é debido a que tódalas necesidades educativas especiais non son da mesma natureza nin teñen unha mesma orixe nin, loxicamente, requiren para ser atendidas actuacións e recursos similares. Por todo isto, cómpre distinguir entre aquelas necesidades educativas especiais que se manifestan de forma temporal ou transitoria e aquelas que teñen carácter de estabilidade ou permanencia o longo da escolarización.

A orixe destas necesidades educativas especiais pode atribuírse a diversas causas relacionadas, fundamentalmente, co contexto familiar, social ou cultural, coa historia educativa e escolar dos alumnos e alumnas ou con condicións persoais asociadas sexa a discapacidades psíquicas, motoras ou sensoriais, sexa a condicións de sobredotación en canto as capacidades intelectuais.

De acordo co modelo que se deriva da LOXSE, unha educación que dea resposta diferenciada as distintas necesidades do alumnado ten que poder atender igualmente ós alumnos con necesidades educativas especiais, estean estas asociadas a condicións persoais de discapacidade ou a condicións persoais de sobredotación, co obxecto de logralo máximo desenvolvemento posible das súas potencialidades. Esta optimación do proceso educativo do alumnado con necesidades educativas especiais está vinculada a normalización e o desenvolvemento de centros escolares de calidade, abertos e permeables ás necesidades de tódolos alumnos e alumnas, pois a integración escolar e unha das condicións básicas, aínda que non suficiente e única, para acadar a plena incorporación das persoas con necesidades educativas especiais a unha escola aberta e pluralista, arraigada no seu contorno e rexida polos principios de normalización e integración escolar. Só no caso no que os alumnos e alumnas manifesten necesidades educativas especiais asociadas a condicións de discapacidade permanente que non puideran ser satisfeitas axeitadamente nos centros ordinarios, será aconsellable a súa escolarización en centros específicos, previstos así mesmo na LOXSE e que supoñen, en determinados casos, a oferta educativa máis apropiada.

Polo tanto, en resposta a nova configuración do sistema educativo e a disposición adicional segunda da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes, cómpre establecer unha normativa que contemple a escolarización e a resposta educativa para os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais dentro do marco normativo e de principios que establece a lei.

O presente decreto regula para a Comunidade Autónoma de Galicia os aspectos relativos a ordenación, planificación de recursos e organización para a atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais temporais ou permanentes e asociadas a súa historia educativa e escolar, a condicións persoais de sobredotación ou a condicións igualmente persoais de discapacidade sensorial, motora ou psíquica. Todo isto de conformidade cos principios establecidos e en cumprimento do mandato constitucional aludido e do disposto no título VI, sección 3ª, así como na disposición adicional 2ª e na disposición derradeira 7ª da Lei de integración social dos minusválidos e a teor do disposto nos artigos 36 e 37 da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo e da Lei orgánica 9/1995.

